

Proxecto de dinamización lingüística

Para elaborardes o proxecto de dinamización lingüística do voso centro, recordade que:

- A dinamización lingüística debe ser unha acción planificada global e transversalmente, flexible, integradora, consensuada e adecuada á realidade educativa.
- A súa finalidade é fomentar a extensión e diversidade dos usos sociais da lingua e desactivar os prexuizos lingüísticos.
- O proxecto de dinamización lingüística doutro centro, por bo que sexa, non é transferible ao voso. Cada centro posúe unha realidade concreta e hai que partir dela para establecer os obxectivos e deseñar as actuacións dinamizadoras de xeito singular. Cómpre:
 - Realizar un estudo sociolingüístico que atenda ao contorno sociolingüístico do centro, á situación lingüística do profesorado, á situación lingüística do alumnado e á situación lingüística do centro.
 - Formular, con claridade, obxectivos para cada un destes sectores. P. ex.: modificar os comportamentos lingüísticos, ampliar os usos lingüísticos orais, implicar todos os axentes da comunidade educativa etc.
 - Deseñar actividades concretas para cadanseu obxectivo.
- A avaliación dos puntos fortes e febles que ofrece o centro e o seu contorno educativo determina os elementos que poden favorecer ou dificultar os avances do proxecto de dinamización.
- As actuacións teñen que estar temporalizadas ao longo do curso escolar, pois a súa visibilidade contribuirá a eliminar prexuizos e a crear un clima favorable á presenza da lingua galega no centro. Debe determinarse a persoa ou persoas responsables de cada unha.
- Cómpre avaliar a posta en práctica das actividades e dos resultados da experiencia dinamizadora aplicada no centro.
- As actividades de dinamización lingüística son efectivas, de xeito progresivo, a medio e longo prazo. Non nos debemos desanimar se non acadamos resultados evidentes inmediatos.

Procurade:

- Establecer un plan de traballo realista e asumible que, de xeito voluntario e atraente, integre os diferentes equipos docentes e departamentos.
- Contactar con outros equipos de normalización e dinamización lingüística para intercambiar experiencias e materiais e/ou coordinar actuacións conxuntas.
- Abandonar as programacións rutineiras. Dar continuidade só ás actividades que tiveran máis éxito en anos anteriores.
- Non realizar unicamente actividades culturais (Día das Letras Galegas, festas cíclicas...)
- Incardinar o proxecto de dinamización nos diferentes proxectos e plans que se desenvolven no centro (TIC, Lector, Convivencia, Bibliotecas escolares, Plan de calidade etc.).
- Traballar en colaboración coa ANPA.
- Conectar as accións dinamizadoras do centro coas actividades galeguizadoras da contorna (SNL do concello, comercio local, movemento asociativo etc.).

O manual [A planificación lingüística nos centros educativos](#) sinala (páxina 190, apartado 3.1) distintos elementos que deben estar presentes nas prácticas dinamizadoras. [http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/GuiaPlanificacionLinguistica_2edicion_baixa.pdf]

Pódense atopar máis suxestións de utilidade na [Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos](#).

[<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/GuiaPlanificacio.pdf>]